



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Variedades románicas minorizadas

Francisco Fernández Rei

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Francisco Fernández Rei
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

Variedades románicas minorizadas

Curso 2011-12

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: **Variedades románicas minorizadas** (G5081349)
- Tipo de materia: Obrigatoria no GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS (**Maior en Filoloxía Románica**).
- Curso en que se imparte: 3º curso, 2º cuatrimestre
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Prerrequisitos recomendados: Ningún
- Profesor(es) que a imparte(n): **Francisco Fernández Rei**
- Lingua(s) en que se imparte: galego
- Horas e lugar de **titorías**: luns de 9:30h a 12h e martes de 9:30h a 13h no despacho 204 do Departamento de Filoloxía Galega da Facultade de Filoloxía . As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os luns, de 10h a 12 h.
 - Teléfono de contacto: **881 811828**
 - e-mail de contacto: ilgpaco.rei@usc.es (recoméndase utilizar preferentemente este medio cando non se requira a presenza directa para calquera consulta)
- Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom
 - Horario de clases:
Luns, de 12 a 14h (aula 17); Martes, de 13 a 14h (aula 4)
 - Datos oficiais de exames:
30/05/2012, 09:00h, aula 4
03/07/2012, 16:00h, aula 14

2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

O obxectivo fundamental do itinerario do *Maior* en Filoloxía Románica é potenciar a dimensión europea dos estudos lingüísticos e literarios coa explicación da xénese e da evolución da familia lingüística que ten a súa orixe no latín; e asemade quérese explicar a pervivencia e transformacións que experimenta na Idade Media a herdanza cultural, especialmente literaria, do antigo Imperio Romano.

Na materia *As linguas da Romania* do 1º curso o estudantado adquire un coñecemento fundamental sobre cales e cantas son as linguas e dialectos románicos, onde se falan, cal é a súa orixe, como se forxou o proceso de individualización de cada unha delas a partir do latín, a historia da súa formación e os principais problemas da estandarización, tanto individualmente como en conxunto; e na materia *A emerxencia das linguas románicas* do 2º curso adquire, entre outros, coñecementos lingüísticos sobre as distintas linguas románicas nas súas fases máis primitivas, ademais de coñecementos específicos sobre as particularidades do romanés e do sardo, linguas románicas en territorios illados.

Despois da presentación das linguas románicas que o estudantado tivo en 1º curso e do estudo da súa emerxencia en 2º, coa materia de *Sociolingüística Románica* do 1º cuadrimestre do curso 3º preténdese mostrar a complexidade do mapa actual dos estándares románicos “baixo presión”, analizar o plurilingüismo europeo de hoxe en día e as consecuencias da minorización na Romania, e tamén ver a creación de conceptos básicos do estudo das situacións de conflito lingüístico e a súa aplicación á romanística. En certo modo, esta materia serve de presentación ás *Variedades románicas minorizadas* do 2º cuadrimestre do curso 3º no que se tratará basicamente a situación sociolingüística actual de cada unha das linguas e variedades tanto no relativo ó estatus como á elaboración literaria. E no caso de linguas faladas en diferentes estados (o catalán, por ex.) ou en diferentes zonas dun mesmo estado (o galego, por ex.) estudarase a situación en cada un dos territorios.

O módulo lingüístico do *Maior* en Filoloxía Románica complétase coa materia *Principios de Lingüística Románica* de 2º curso (2º cuadrimestre) coa que o alumnado se inicia no estudo histórico-comparativo das linguas neolatinas para intentar comprender os mecanismos que levaron ás diferenzas entre as linguas románicas actuais, así como os elementos comúns conservados. Esta materia serve como presentación do estudo de detalle que se desenvolverá nas materias de *Lexicografía e semántica románicas* de 3º curso (1º cuadrimestre) e nas de *Fonética e fonoloxía románicas* e *Morfosintaxe románica* de 4º curso (2º cuadrimestre).

3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

Os principais **obxectivos** da materia *Variedades románicas minorizadas* son:

- Introducción á historia externa das variedades lingüísticas da Romanía sobre as que se superpuxo ou coas que entrou en competencia outra lingua estatal.
- Análise da situación sociolingüística actual das variedades tanto no referente ó status como á súa elaboración literaria

As **competencias xenéricas** propias do *Maior* en Filloxía Románica son:

- Visión global da familia lingüística románica dende unha perspectiva histórico-comparativa
- Intercomprensión das linguas románicas actuais
- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario desenvolvido nestas linguas durante a Idade Media
- Capacidade para editar e interpretar textos medievais en linguas románicas
- Comprensión da evolución desta literatura ata a actualidade
- Uso e elaboración de bases de datos e recursos electrónicos relacionados coas linguas románicas e coa literatura románica medieval

As **competencias específicas** para acadar co estudo desta materia son:

- Apreciar a complexidade do mapa das linguas nos estados europeos da Romanía.
- Coñecer a actitude dos estados latinos fronte á diversidade cultural do seu territorio.
- Ter nocións básicas da situación das linguas e variedades románicas minorizadas.
- Familiarizarse coa metodoloxía dos estudos de (macro)sociolingüística e coa súa metodoloxía.

4. CONTIDOS (TEMARIO)

- I. Introducción:
Mapa actual das linguas e variedades románicas minorizadas.
- II. **Exame da situación de cada lingua e variedade** tendo en conta todos (ou algúns) dos seguintes parámetros:
 - a. Xeografía e demografía
 - b. Historia
 - c. Política, economía e situación actual
 - d. Estatísticas lingüísticas
 - e. O discurso e o comportamento dos falantes sobre a propia lingua.
 - f. Educación.
 - g. Administración, vida pública e política.
 - h. Relixión.
 - i. Medios de comunicación.
 - j. Ortografía.
 - k. Literatura
 - l. Efectos (externos e internos) do contacto lingüístico.

Bloque 1. *Linguas románicas minorizadas que teñen (principalmente) como teito o castelán.*

Tema 1. O galego.

Tema 2. A situación especial do galego estremeiro (occidente de Asturias, León e Zamora)

Tema 3. A situación especial das falas esencialmente galegas de Cáceres

Tema 4. O catalán

Tema 5. A situación especial do catalán en Valencia

Tema 6. A situación especial do catalán nas Illas Baleares.

Tema 7. A situación especial do catalán na “franja” aragonesa.

Tema 8. O catalán en Francia.

Tema 9. O catalán en Italia (alguerés).

Tema 10. Unha variedade con pouca elaboración: o asturiano

Tema 11. Unha variedade aínda con pouca elaboración: o aragonés.

Bloque 2. *Linguas románicas minorizadas que teñen (principalmente) como teito o francés:*

Tema 12. O occitano.

Tema 13. O occitano en Italia.

Tema 14. O occitano en España (aranés).

Tema 15. O **corso**.

Bloque 3. *Linguas románicas minorizadas que teñen como teito o italiano.*

Tema 16. O sardo

Tema 17. O friulano

Tema 18. O ladino

Tema 19. O francoprovenzal en Italia (valdostano)

Bloque 4. *Unha lingua románica minorizada que ten como teito o portugués.*

Tema 20. O mirandés

Bloque 5. *Linguas románicas minorizadas que teñen como teito idiomas non románicos*

Tema 21. O romanche

Tema 22. O moldavo

Bloque 6. *Variedades románicas que teñen ou tiveron algún cultivo literario:*

Tema 23. En Italia: piemontés, lígur, lombardo, siciliano...

Tema 24. En Francia (picardo, francoprovenzal...), en Bélxica (walón) e en Suíza (francoprovenzal)

Bloque 7. *Linguas e variedades románicas minorizadas fóra do continente europeo.*

Tema 25. O francés do Quebec

5. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

Nesta bibliografía márcanse con asterisco (*) obras de carácter xeral onde diversas linguas e variedades románicas teñen tratamento específico, normalmente a cargo de diferentes autores. Despois das fichas bibliográficas figuran sitios de internet de interese para o estudo das linguas e variedades minorizadas románicas.

- Alén Garabato, M^a Carmen (ed.) (2003): *O occitano, lingua europea. L'occitan, lenga europèa*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Alén Garabato, M^a Carmen / Valcárcel Riveiro, Carlos (2001): "A República Francesa e as 'linguas rexionais ou locais': a situación do occitano e das linguas oilitanas", *A Trabe de Ouro* 47, 35-59.
- Alves, António Bárbolo (1999): "Le mirandais, langue du Portugal", *MicRomania* 30, 3-15.
- Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- Bochmann, Klaus (1999): "À l'est comme à l'ouest, où les extrêmes (géographiques) se touchent: Galice et Moldavie devant le problème de la langue", en Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela, Universidade, I, 249-63. Reeditado co título "Galicia e Moldavia ante o problema da lingua", *Grial* 147, 2000, 489-502.
- Boyer, Henri e Gardy, Philippe (2001): *Dix siècles d'usages et d'images de l'occitan. Des troubadours à l'internet*. Paris, l'Harmattan.
- Breton, Roland (1994): "L'approche géographique des langues d'Europe", en C. Truchot: *Le plurilinguisme européen*, Paris, Champion, 41-68.
- Buono, Benedict (1996): "Lingua e *dialecto* na historia do Piemonte", *A Trabe de Ouro* 25, 75-86.
- *Burdeus, María Dolores/ Verdegall, Joan (eds.) (2005): *Europa parla (I). Llengües romàniques minoritzades d'Europa. Anuari de l'Agrupació Borriana de Cultura: Revista de recerca humanística i científica XVI*. Borriana: Agrupació Borriana de Cultura.
- [Contén colaboracións sobre o aragonés (R. M. Castañer Martín), corso (B. Rodat), mirandés (C. Martins), romanche (C. Sôler), sardo (G. Tonzanu)...]
- Calvet, J.-L (1996): *Les politiques linguistiques*, PUF, Paris.
- Calvet, J.-L. (2002): *Le marché aux langues. Les effets linguistiques de la mondialisation*, Plon, Paris.
- Calvet, J.-M. (1993): *L'Europe et ses langues*, Paris, Plon.
- Chiocchetti, Fabio (2004): "Progetti di pianificazione del ladino dolomitico: problemi e prospettive", en Chiocchetti/ Dell'Àquila/ Iannàccaro (eds.) (2004): *Neves enrescides soziolinguistiches tl Europa*,. 49-60.
- Chiocchetti, Fabio/Dell'Àquila, Vittorio/ Iannàccaro, Gabriele (eds.) (2004): *Neves enrescides soziolinguistiches tl Europa Nuove ricerche sociolinguistiche in Europa Neue soziolinguistische Forschungen in Europa. Ac di convegn Atti del convegno Akten des Symposiums Alpes Europa Vich 26-28 ottobre 2000*. [Vigo

- di Fassa]: Regione Autonoma Trentino-Alto Adige/Autonome Region Trentino-Südtirol, Istitut Cultural Ladin "Majon di Fascegn", Centre d'Études Linguistiques pour l'Europe.
- *Comisión Europea (1996): *Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*, Buselas-Luxemburgo.
- Comiti, J. M. (1992): *Les corses face à leur langue*, Aiaccu, Edizione Squadra di u Finusellu.
- Consello de Europa, *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias* (edicións en varios idiomas).
- *Constenla Bergueiro, G./ Luna Alonso, A. (eds.) (2003): *Linguas sen estado e planificación lingüística (I): Italia e Francia*. Vigo: Universidade de Vigo.
 [Contén colaboracións sobre o plurilingüismo na nova Europa (B. Brezigar), a situación xeral das linguas e variedades minorizadas de Italia (F. Fernández Rei) e de Francia (X. H. Costas González) e apartados sobre a situación do friulano (C. Costas), valdostano (C. Noia Campos), alguerés (E. Leira Penabade), catalán de Francia (L. X. Araujo Cardalda) e occitano (R. Ribeiro Armero) e tamén do vasco en Francia (A. Cortizas) e o bretón (I. Kerdudo e R. Neal Baxter). Nas pp. 224-235 figura unha bibliografía sobre cada unha deses dominios lingüísticos]
- Cordell, Karol; Wolf, Stefan (2004): *The Ethnopolitical Encyclopaedia of Europe*. Houndmills (UK) N. Y. (USA): Palgrave Macmillan.
- *Costas, Xosé H (2002): *Guía das linguas de Europa*. Santiago: Positivas.
- Costas González, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*. Cadernos de Lingua Anexo 8. A Coruña: Real Academia Galega.
- D'Andrés, Ramón (1998): *Llingua y xuiciu (Sobre delles cuestións básicas del debate llingüísticu n'Asturies)*. [Uviéu]: Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies.
- D'Andrés, Ramón (2002a): "La llingua asturiana na sociedade", en *Informe sobre la llingua asturiana*. Uviéu: Academia de la Lingua Asturiana, 77-103.
- D'Andrés, Ramón (2002b): "L'asturianu mínimu urbanu. Delles hipótesis", *Lletres Asturianas* 81, 21-38.
- Dell'Àquila, Vittorio/Iannàccaro, Gabriele/Puigdevall i Serrano, Maite (2004): "Ladin en el Tiro del Sur/Alto Adige, aranés en Cataluña, y lapón en Laponia", en Chiochetti/ Dell'Àquila/ Iannàccaro (eds.) (2004): *Neves enrescides soziolingüístiches tl Europa*, 287-300.
- Dyer, Donald L. (1999): *The Romanian Dialect of Moldova. A Study in Language and Politics*, The Edwin Mellen Press, N. Y.
- Etxebarria, Maitena: *La diversidad de las lenguas de España*, Madrid, Espasa, 2002.
- *Fernández Rei, Francisco, e Antón Santamarina (eds.) (1999): *Linguas románicas minoritarias*. Santiago: Secretariado de Publicacións da Universidade.
 [Ten colaboracións sobre a estandarización das linguas románicas minorizadas (Ž. Muljačić) e sobre a situación do galego en Galicia e comarcas estremeiras (F. Fernández Rei), "galego" de Cáceres (X. H. Costas González), asturiano (A. Cano), mirandés (M. Barros Ferreira), aragonés (F. Nagore Laín), catalán (E. Boix Fuster), catalán de Aragón (J. E. Gargallo Gil), occitano (J. Taupiac, M^a C. Alén), aranés (J. E. Gargallo Gil), occitano de Italia (A. Genre), romanche (A. Vañó), corso (A. Fusina), sardo (M. Lőrinczi, D. Corrairie) e o romanés e variedades (Ch. Ionescu)].

- Fernández Rei, Francisco (1999): "El aragonés, lengua románica (re)emergente", en Nagore/ Rodés/ Vázquez (eds.): *Estudios y rechiras arredol d'a luenga aragonesa y a suya literatura*, 43-74.
- Fernández Rei, Francisco (2000): "As falas de Xálima e a súa relación coa lingua galega", en Salvador Plans, A./ Carrasco González, J./ García Oliva, M^a D. (coords.): *Actas del Congreso sobre "A Fala". 20 y 21 de mayo de 1999. Eljas – San Martín de Trebejo – Valverde del Fresno*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, 109-140.
- Fernández Rei, Francisco (2001): "A situación das minorías étnico-lingüísticas da República Italiana", *A Trabe de Ouro* 47, 13-34.
- Fernández Rei, Francisco (2007): "Plurilingüismo y contacto de lenguas en la Romania europea", en J. E. Gargallo Gil / M^a R. Bastardas (coords.): *Manual de lingüística románica*, 477-516.
- Fernández Rei, Francisco (2010): "Nacemento e recoñecemento de novas linguas románicas. Plurilingüismo e contacto na Romania europea", en C. Alén Garabato / X. A. Álvarez / M. Brea: *Quelle Linguistique Romane au XXI^e siècle?* Paris: L'Harmattan, 153-178.
- [Fernández Rei, Francisco; González González, Manuel; Hermida Gulías, Carme; Mariño Paz, Ramón] (2003): "Galego", en *EGU Enciclopedia Galega Universal*. Vigo: Ir Indo, tomo 9, 354-81.
- Fernández-Armesto, Felipe (ed.) (1994). *Los hijos de Zeus. Pueblos, etnias y culturas de Europa*. Barcelona: Grijalbo.
 [Non fala só de linguas aínda que a lingua sexa o criterio con que individualiza os pobos. Tradución do inglés (*Guide to the Peoples of Europe*, The Times, Londres, 1994)]
- Fischer, Johann (1998): "L'occitanico nel Piemonte", en Ruffino, Giovanni (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Lingüística e Filologia Romanza. Centro di studi filologici e linguistici siciliani. Università di Palermo 18-24 settembre 1995*, vol V. Tübingen: Max Niemeyer, 309-18.
- Furer, Jean-Jacques (2005): *Dumbraziun dal pievel 2000. La situaziun actuala dal rumantsch*. Neuchâtel: OFS, BFS, UST.
- Gaquin, Autrey (1996): *Peuples et langues de France*, University Press of America, Lanham-NewYork-London.
- García Arias, Xosé Lluís (1998): "El continuum llingüístico ente'l gallegu y l'asturianu", in *Estudios das Terras delNavia-Eo*, Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 85-95.
- Gargallo Gil, José Enrique (1999): *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno. Trilogía de los tres lugares*. Mérida: Junta de Extremadura. Consejería de Cultura y Patrimonio. Gabinete de Iniciativas Transfronterizas.
- Gargallo Gil, José Enrique (2000): "¿Se habla gallego en Extremadura? Y otras cuestiones, no menos delicadas, sobre romances, gentes y tierras peninsulares de frontera (con sus nombres)", en Salvador Plans / García Oliva / Carrasco González (coords.): *Actas del I Congreso sobre 'A Fala'*, 53-73.
- Gargallo Gil, José Enrique (2001): "Aranés, mirandés, ¿valego? Tres enclaves romances de fronteira, tres retos de supervivencia e preservación da identidade na Europa do novo milenio", *A Trabe de Ouro* 47, 61-77.

Giordan, Henri (1992): *Les Minorités en Europe. Droits Linguistiques et Droites de l'Homme*. Paris: Éditions Kimé.

[Trata fundamentalmente das situacións legais].

*Goebel, H./ Nelde, P. H. / Starý, Z. / Wölck, W. (eds.) (1996-1997): *Kontaktlinguistik. Contact Linguistics. Linguistique de contact. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung. An International Handbook of Contemporary Research. Manuel international des recherches contemporaines*, 2 vol. Berlin/New York: Walter de Gruyter.

[O vol. II ten información sobre cada unha das linguas europeas expostas ó contacto lingüístico: francés-occitano (G. Kremnitz), francés-catalán (D. Bernardò, G. Kremnitz), francés-corso (J. Thiers), corso-italiano (J. Chiorboli), español-galego (F. Fernández Rei), español-catalán (E. Boix/ LL. Payrató/ F. X. Vila), italiano-francés (francoprovenzal) (T. Telmon), italiano-friulano (C. Marcato), italiano-occitano (A. Conagliotti), Suíza “romande” (P. Knecht/ B. Py), Suíza italiana (M. Bischofsberger) e Suíza romanche (C. Solèr)]

*Holtus, Günter, Michael Metzeltin, e Cristian Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*. Tübingen: Max Niemeyer, 1988: IV *Italienisch, Korsisch, Sardisch. Italiano, Corso, Sardo*; 1989: III. *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete von der Renaissance bis zur Gegenwart. Romänisch, Dalmatisch / Istroromanisch, Friulisch, Ladinisch, Bündnerromanisch. Les différentes langues romanes et leurs régions d'implantation de la Renaissance à nos jours. Le roumain, Dalmatico / Istroromanzo, Friulano, Ladino, le romanche*; 1990: V,1 *Französisch. Le français*; 1991: V,2 *Okzitanisch, Katalanisch. L'occitan, le catalan*; 1992: vol. VI,1 *Aragonesisch / Navarresisch, Spanisch, Asturianisch / Leonisch. Aragonés / Navarro, Español, Asturiano / Leonés*; 1994; VI,2 *Galegisch, Portugiesisch. Gallego, Português*; 1995: II,2 *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zu Renaissance. Les différentes langues romanes et leurs régions d'implantation du Moyen Âge à la Renaissance*; 1998: VII *Kontakt, Migration und Kuntsprachen. Kontrastivität, Klassifikation und Typologie. Langues en contact, langues des migrants et langues artificielles. Analyses contrastives, classification et typologie des langues romanes*.

[As variedades minorizadas están no tomo que trata de cada área. Aínda que o título está en alemán as colaboracións están case sempre nunha das linguas romances maiores].

Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias) (2007). Navia: Asociación Abertal del Eo Navia.

Informe sobre a fala ou gallego-asturiano- Úa perspectiva hestórica, social y llingüística (2006). Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo. Academia de la Llingua Asturiana.

Informe Xarmenta (2010): *A Lingua Galega no Bierzo*, Informe elaborado a petición de la Real Academia Galega pola Asociación Berciana da Lingua “Xarmenta”, mecanoscrito

Jacomuzzi, Vincenzo (1996): “O estado da cuestión. A lingua piemontesa hoxe”, *A Trabe de Ouro* 28, 561-6.

Jenniges, Wolfgang: *Select Bibliography on Minority Languages in the European Union*, European Bureau for Lesser Used Languages, Bruxelles, 1997.

[Contén unha bibliografía esencial lingua por lingua pouco actualizada].

- Kasbarian, Jean-Michel (1994): “Effets des politiques de bilinguisme scolaire sur la production d’identité d’enseignants corses e valdôtains”, en Sierra Martínez, Fermín/ Pujol Berché, Mercè/ Boer, Harm den: *Diálogos Hispánicos* 15 (= *Las lenguas en la Europa Comunitaria. Las lenguas de minoría*). Amsterdam / Atlanta: Rodopi, 157-86.
- Llera Ramo, Francisco J. (1994): *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias 1991*. Uviéu: Principáu d’Asturies. Consejería d’Educación, Cultura, Deportes y Xuventú.
- Llera Ramo, Francisco J y P. San Martín Antuña. (2003): *II Estudio sociolingüístico de Asturias 2002*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana
- Maiden, Martin e Parry, Mair (1977): *The Dialects of Italy*, Routledge, London and New York.
- Marín González, Gelu (2000): *Atlas de Europa. La Europa de las lenguas, la Europa de las naciones*, Istmo, Madrid.
- *Metzeltin, M. (2004): *Las lenguas románicas estándar. Historia de su formación y de su uso*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
 [Libro destinado ó mundo castellanfalante, polo que se presta particular atención á historia das linguas románicas da Península Ibérica, e sobre todo ó asturiano e ó castelán. A descrición das demais linguas desenvólvese de xeito paralelo, pero máis concentrado].
- Monteagudo, Henrique/Bouzada Fernández, Xan M. (coords): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. I Política lingüística: análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2001) *La dignidad e igualdad de las lenguas (Crítica de la discriminación lingüística)*. Alianza, Mafrid
- MSG = Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega: *Mapa Sociolingüístico de Galicia* I (1994) *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, II (1995) *Usos lingüísticos en Galicia*, III (1996) *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.
- Nagore Laín, Francho/ Rodés Orquín, Francho/ Vázquez Obrador, Chesús (eds.) (1999): *Estudios y rechiras arredol d'a luenga aragonesa y a suya literatura*. Uesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses/ Consello d'a Fabla Aragonesa.
- Nagore Laín, Francho (1999): "O aragonés", en Fernández Rei/ Santamarina (eds.): *Estudios de sociolingüística románica*, 155-212.
- Nagore Laín, Francho (2005): "Peldaños en la normalización del aragonés entre 1974 y 2004: codificación, uso público, estatuto jurídico", *Revista de Gestión Pública y Privada* 10, 165-97.
- Negura, Petra (2002): “O medio literario entre procura identitaria e integración nacional. Para unha socioloxía do rexionalismo cultural na Besarabia nos anos trinta” (tradución Antón Figueroa), *A Trabe de Ouro* 50, 217-27.
- Parajó Calvo, Margarita e Costas González, Xosé Henrique (2001): “Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo occidental e as Portelas. Breve referencia á Terra Eo-Navia e ó val do río Ellas”, *A Trabe de Ouro* 47, 91-104.
- Perini, Nereo (1993): "Italie (I)", *Sociolinguistica* 7, 142-51.
- Petschen Verdaguer (ed) (1990): *Las minorías lingüísticas de Europa occidental: documentos (1492-1989)*, Parlamento Vasco, Vitoria.

*Posner, Rebecca, e John Green (eds.) (1993). *Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. Berlin - New York: Mouton De Gruyter.

[Ten colaboracións sobre o contacto (e tamén sobre a historia externa en xeral) do galego (H. Monteagudo/ A. Santamarina), catalán (M. Strubell i Trueta), occitano (B. Schlieben-Lange), retorrománico (R. Posner/ K. H. Rogers), corso (Gh. Thiers), sardo (R. Rindler Schjerve), dialectos italianos (J. Trumper), romanés (M. Sala) e quebequés (R. Y. Bourhis/ D. Lopicq). Na parte final inclúe artigos sobre crioulos franceses (G. Hazaël-Massieux/ D. De Robillard), crioulos españois (J. M. Lipski/ A. Schwegler), “fronterizo” de Uruguay (F. Hensey), crioulos portugueses (Th. Stolz) e sobre a adquisición da segunda lingua por inmigrantes en Europa (G. Lüdi), en Norteamérica (J. Vizmuller-Zocco) e en Latinoamérica (G. Meo Zilio)]

Price, Glanville (1998). *Encyclopaedia of the Languages of Europe*. Oxford: Blackwell, 1998.

[Os artigos son breves pero ben informados. Bos mapas.]

Quintana, Artur (1999): "Chenesis y características de l'aragonés común", en Nagore / Rodés/ Vázquez (eds.): *Estudios y rechiras arredol d'a luenga aragonesa y a suya literatura*, 31-42.

Rubal Rodríguez, Xosé (1994): “Aproximación sociolingüística a la escuela y su entorno en la franja occidental de Asturias”, *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo* 1, 167-184.

Seco Orosa, Ana (1997): *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Filoloxía.

Seco Orosa, Ana (1998): “O trazado da fronteira do galego na provincia de León”, *Estudios Bercianos. Revista oficial del Instituto de Estudios Bercianos* 24, 32-47.

Siguan, Miquel (1992): *La Europa de las lenguas*. Madrid: Alianza Editorial.

[É unha boa introdución. A edición orixinal estaba en catalán (*L'Europa de les llengües*, Edicions 62)].

*Turell, M. (ed.) (2001): *Multilingualism in Spain. Sociolinguistic and Psycholinguistic Aspects of Linguistic Minority Groups*. Clevedon/Buffalo/Toronto/Sydney: Multilingual Matters.

[Contén, entre outras, colaboracións sobre o catalán (M. A. Pradilla), galego (C. Hermida), aranés (J. Suils/ A. Huguet) e asturiano (R. González Quevedo)]

Vallverdú, Francesc (dir.) e Bañeres, Jordi (coord.) (2002²): *Enciclopèdia de la llengua catalana*, Edicions 62, Barcelona 2001.

[É o texto máis actualizado e completo ata agora sobre a lingua catalana, en todas as súas variedades. Cada capítulo está redactado por un especialista. Excusa a lectura do LRL V,2 no que se refire ó catalán].

Vila i Moreno, F. Xavier (2000): “Les polítiques lingüístiques als sistemes educatius dels territoris de llengua catalana”, *Revista de llengua i dret* 34, 169-208.

White, Paul (1991): “Geographical Aspects of Minority Language Situations in Italy”, en Colin H. Williams (ed.): *Linguistic Minorities, Society and Territory*. Multilingual Matters, Clevedon, 44-65.

Enderezos de utilidade en internet

Nestes sitios da rede hai datos actualizados sobre cada lingua ou variedade en particular. A través do buscador Google pódense encontrar outros sitios. Recomendamos facer buscas en varios idiomas; ex: “lingua ladina”, “lingua ladina”, “ladin language”...

<http://www.sil.org/etnologue>

<http://www.mercator-education.org/>

<http://www.uoc.edu/euromosaic/>

<http://www.altabadia.it/ladins/>

<http://www.dobl-oc.com/Occitans/index.htm>

<http://www.ac-corse.fr/>

http://dmoz.org/Science/Social_Sciences/Language_and_Linguistics/Natural_Language/Pidgins_and_Creoles/

<http://www.smo.uhi.ac.uk/saoghal/mion-chanain/en/>

<http://www.smo.uhi.ac.uk/saoghal/mion-chanain/en/>

http://www.tlfq.ulaval.ca/axl/Langues/acces_languesmonde.htm

<http://www.rosettaproject.org/live>

En Constenla Bergueiro/ Luna Alonso (2003), pp. 205-219, figura enderezos na rede sobre:

- Minorías lingüísticas e linguas europeas e mundiais ameazadas
- Carta Europea das Llinguas Rexionais e Minoritarias
- Minorías lingüísticas de Italia (francoprovenzal, friulano, ladino dolomítico, lombardo, occitano, piamontés, sardo, siciliano e véneto).
- Minorías lingüísticas en Francia (linguas de oïl, bretón, catalán, corso, éuscaro, occitano)

6. METODOLOXÍA E RECURSOS

. O docente proporcionará información teórica e práctica que permita que o alumnado coñeza de maneira cabal cal é a composición lingüística da Romania europea, que equivale a máis da metade da Unión Europea actual, plurilingüe no seu conxunto e plurilingüe na maioría dos estados que a compoñen. A información básica sobre os distintos contidos da materia fornecida polo profesor deberá complementala o estudiantado con buscas persoais e afirmala coa realización de exercicios prácticos e dun traballo monográfico.

Combinarase a docencia teórica e práctica; e nesta terá un papel relevante a audición e comentario de textos (particularmente musicais) das diversas linguas e variedades minorizadas. De ser posible, proxectaranse vídeos sobre a situación sociolingüística ou simplemente con mostras de diferentes rexistros orais. O profesor achegará boa parte dese material práctica, pero cada estudante deberá tamén traer mostras que pode buscar en sitios de internet das diferentes linguas e variedades.

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno, coa seguinte distribución para poder superala:

Actividades formativas co seu contido en horas para o alumnado			
Actividades presenciais	Horas	Actividades non presenciais	Horas
Sesións expositivas	30	Estudo e preparación de actividades programadas na clase	40
Sesións de seminario / laboratorio de idiomas / aula de informática...	15	Realización de traballos de diverso tipo	20
Sesiones de tutoría programadas	3	Lecturas	20
Sesións de avaliación	2	Preparación de exames	20
Outras actividades		Outras actividades (especificar)	
Total de horas de actividade presencial	50	Total de horas de actividade non presencial	100

7. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Aplicarase un procedemento de avaliación continua. Farase un seguimento semanal do labor realizado por cada estudante, polo que se require a asistencia obrigatoria (como mínimo, nun 80% do total de horas previstas) tanto ás clases expositivas como ás interactivas e unha participación activamente nelas, comentando as lecturas.

Ademais, cada estudante fará obrigatoriramente un **traballo escrito** sobre a situación dunha das linguas ou variedades minorizadas do programa, que se entregará antes do **15 de maio** do 2011. Tamén se fará unha **exposición na clase** sobre o tema do traballo; pero antes deberá entregarlle ó profesor un rascuño do guión que vai usar na exposición para comentalo previamente nunha das titorías personalizadas.

Na avaliación a porcentaxe correspondente a cada actividade será: un 20% na asistencia regular e participación activa nas diferentes actividades; un 30% no dominio dos contidos teóricos e prácticos sobre comentarios específicos preparados para desenvolver nas aulas; un 50% no traballo dun tema e a súa exposición oral. Neste traballo valorarase a calidade, orixinalidade, presentación, redacción e ordenación dos contidos.

De non participar nalgunha das actividades previstas, justificadas consonte co previsto na *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, que o Consello de Goberno da USC aprobou en sesión do 25 de marzo do 2010, pode suplirse con traballos substitutorios.

O alumno que non poida seguir con regularidade o curso, non realice o traballo obrigatorio (e a súa exposición) e os comentarios da clase ou ben non acade unha nota mínima de 5 na avaliación final pode realizar un exame final con preguntas sobre as diferentes linguas ou variedades do programa, que se fará na data oficial que se marque no calendario da Facultade de Filoloxía da USC.

8. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

Como se indicou no comezo do apartado 7 a asistencia continuada ás clases é obrigatoria non só pola exposición que o docente fará do esencial do programa da material, senón tamén porque nas clases se irán dando indicacións para completar eses contidos e sobre a elaboración dos comentarios e dos traballos obrigatorios.

É conveniente que o alumnado poida ler textos científicos en inglés, francés e italiano, porque boa parte da posible bibliografía que se vai usar está nestas linguas, aínda que se pode manexar bibliografía en galego e castelán, tal como se pode apreciar no apartado 5.

ORGANIGRAMA ESTIMADO DO CURSO

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA	DATAS 2012
Introdución: Mapa das linguas	30,31 xaneiro
Temas 1-3 (galego)	6,7,13,14,27,28 febreiro
Temas 4-9 (catalán)	5,6,12,13 marzo
Temas 10 (asturiano), 11 (aragonés)	19,20,26 marzo
Temas 12-14 (occitano)	27 marzo;9,10 abril
Temas 15 (corso), 16 (sardo)	16,17,23 abril
Temas 17 (friulano), 18 (ladino), 19 (valdostano)	24,30 abril; 7 maio
Tema 20 (mirandés)	8 maio
Tema 21 (romanche)	14 maio
Tema 22 (moldavo)	15 maio
Temas 23 e 24 (piamontés, francoprovenzal, walón...)	21 maio
Tema 25 (francés do Québec)	22 maio

PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

O estudantado ten que reservar semanalmente as horas necesarias para distribuír o traballo que debe realizar para lecturas previas para as clases expositivas e / ou interactivas ou para posibles comentarios ou exercicios. Tamén debe ter en conta a realización do traballo obrigatorio e do guión da exposición do tema deste traballo, tal como se indica no apartado 7

É inmensa a bibliografía que hoxe se pode manexar tanto na rede como impresa sobre a situación de contacto das linguas e variedades románicas minorizadas. No apartado 5, á parte de sitios de interese en internet, figuran moi diversas fichas sobre linguas e variedades concretas e tamén unha serie de obras marcadas con asterisco (*) nas que se analiza a problemática de moi diversos dominios lingüísticos, con indicación das linguas estudados e autores, cando se trata de autoría colectiva.

Destas obras facemos a seguinte **escolma bibliográfica**, que contén información completa e fundamental sobre a práctica totalidade do temario; porén, cómpre manexar tamén outras fontes máis recentes para actualizar o material relativo á situación e á problemática das linguas obxecto de estudo nesta materia:.

- Comisión Europea (1996): *Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*, Bruselas-Luxemburgo
- Fernández Rei, Francisco, e Antón Santamarina (eds.) (1999): *Linguas románicas minoritarias*. Santiago: Secretariado de Publicacións da Universidade.
- Goebel, H./ Nelde, P. H. / Starý, Z. / Wölck, W. (eds.) (1996-1997): *Kontaktlinguistik. Contact Linguistics. Linguistique de contact. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung. An International Handbook of Contemporary Research. Manuel international des recherches contemporaines*, 2 vol. Berlin/New York: Walter de Gruyter.
- Holtus, Günter, Michael Metzeltin, e Cristian Schmitt (eds.) (1988-1998): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Metzeltin, M. (2004): *Las lenguas románicas estándar. Historia de su formación y de su uso*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Posner, Rebecca, e John Green (eds.) (1993). *Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. Berlin - New York: Mouton De Gruyter.